



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de xuño de 2021 (1032/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana (online)
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font (online)
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira (online)
D^a Yolanda Aguiar Castro (online)
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dez de xuño de dous mil vinte e un e baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego (RA 09/06/2021), por usencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(481).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 1 de xuño e ordinaria e extraordinaria e urxente do 4 de xuño de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(482).- CONCESIÓN SUBVENCIÓN DIRECTA Á ASOCIACIÓN “ESPAÑA CON ACNUR” (COMITÉ ESPAÑOL DO ALTO COMISIONADO DAS NACIONS UNIDAS PARA OS REFUXIADOS)- PROXECTO: “ASISTENCIA SANITARIA PARA A POBOACIÓN REFUXIADA VENEZOLANA EN COLOMBIA EN RESPONDA Á COVID-19”. EXPTE. 218021/301.

Visto informe de fiscalización do 04/06/21, dáse conta do 31/05/21, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura, a concelleira

de Política de Benestar e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 04.05.2021 (Código solicitude W546843-3327; Doc. nº 210076894) o/a representante da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dun proxecto humanitario de asistencia e protección da saúde fronte á pandemia da COVID-19 á poboación refuxiada e migrante venezolana en Colombia.

I.2. Achegouse tamén agora (ou consta xa en poder desta Administración) a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa/Proxecto, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 26.05.2021, a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución da subvención a favor da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados, Xenebra (Suíza) 1951.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.



Concello de Vigo

- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.794/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrución 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. Segundo se indica na Memoria presentada, o “Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados” (ACNUR/UNHCR) brinda protección e asistencia ás persoas refuxiadas e desprazadas no mundo. ACNUR foi creado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e comezou a traballar en 1951. Desde a súa creación ten proporcionado asistencia a millóns de persoas refuxiadas e desprazadas en todo o mundo, o que lle valeu o recoñecemento de dous Premios Nobel da Paz, en 1954 e 1981, e o Premio Príncipe de Asturias en 1991.

III.2. A Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) é unha ONGD, constituída o 26.11.1993 e declarada de utilidade pública, que se encarga de difundir a realidade da poboación refuxiada e desprazada de todo o mundo a través de campañas de sensibilización e educación ó desenvolvemento e de recaudar fondos para programas de emerxencia, post-emerxencia e desenvolvemento de ACNUR.

III.3. ACNUR basea o seu mandato na Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados de 1951, que ten como obxectivo garantir o exercicio efectivo dos dereitos humanos das persoas refuxiadas e a non repatriación contra a súa vontade a un país onde sufran persecución. O Alto Comisionado axúdalles a repatriarse ó seu país de orixe cando as

condicións así o permitan, a integrarse nos países de asilo ou a reasentarse en terceiros países.

Para este ano 2021 prevé que 97 millóns de persoas van necesitar a protección e asistencia de ACNUR, das que 20,9 millóns serán refuxiadas e case 55 millóns, desprazadas internas. Tamen hai 4,4 millóns de apátridas ás que se lles negou a nacionalidade e o acceso a dereitos básicos como a educación, a sanidade, o traballo e a liberdade de circulación.

III.4. Segundo se expresa no proxecto presentado ó Concello por ACNUR:

- «ACNUR trabaja en Colombia para garantir a protección e a asistencia a arredor de 1,7 millóns de refuxiados e migrantes de Venezuela; 8,1 millóns de desprazados internos e máis de 500.000 repatriados colombianos desde Venezuela. A pesar do histórico acordo de paz de Colombia, a violencia e o desprazamento constantes, agravados por las graves repercusiones de la pandemia del COVID-19 en el país, están aumentando los riesgos de protección y ejerciendo una presión cada vez mayor sobre las ya desbordadas capacidades del Estado.
- Se prevé que los flujos de salida de la República Bolivariana de Venezuela aumenten en 2021, especialmente con la flexibilización de las restricciones fronterizas relacionadas con el COVID-19. Aunque todavía no está claro cuándo se reabrirán las fronteras oficiales, los venezolanos siguen saliendo del país por puntos fronterizos no oficiales.
- La cooperación con el gobierno colombiano y los agentes internacionales seguirá siendo esencial en 2021 para mejorar las respuestas de protección integral de las diversas poblaciones afectadas y sus comunidades de acogida. Habida cuenta de los importantes efectos negativos de la pandemia en la capacidad de las personas afectadas para satisfacer sus necesidades básicas y aprovechar las oportunidades de autosuficiencia (como resultado de la cuarentena prolongada, el aumento de la xenofobia, la disminución de las oportunidades de empleo y la recesión económica general), la prestación de asistencia para salvar vidas junto con estrategias que fomenten la autosuficiencia seguirá siendo crucial.
- En 2020, Colombia siguió siendo el receptor de un mayor número de refuxiados e migrantes provenientes de Venezuela, que alberga a un estimado de 1,72 millóns de persoas -aproximadamente el 37% de los 4,6 millóns de venezolanos en la región. Además de esta población, el país acoge a los retornados colombianos y a venezolanos en tránsito que cruzan el país (casi 845.000 en agosto de 2020)...».

III.5. O obxectivo específico do proxecto humanitario que se pretende subvencionar é: «asegurar a 400 persoas venezolanas su acceso a servicios básicos adecuados de salud en el Centro de Atención Integral para Migrantes y Refugiados de Riohacha en el Departamento de la Guajira para la prevención y respuesta al COVID-19. El proyecto se centrará esencialmente en proveer a 357 equipos de protección personal EPIS al personal sanitario (médico, enfermero/a, auxiliar de pruebas y farmacéutico/a), la compra de 196 test de detección del COVID-19 y 5.345 medicamentos antipiréticos. Se dotará a este personal sanitario de un sueldo durante 12 meses y se cubrirá el sueldo también para 1 auxiliar administrativo y 1 auxiliar de limpieza durante este mismo periodo de tiempo».



Concello de Vigo

III.6 As beneficiarias directas do proxecto “Asistencia sanitaria para a poboación refuxiada venezolana en Colombia en resposta á COVID-19” serían: «400 personas venezolanas refuxiadas y migrantes -el 51% serán mujeres cabezas de hogar (204) que han cruzado la frontera con Colombia por el departamento de La Guajira y se encuentran en el Centro de Atención Integral de la ciudad de Riohacha y recibirán asistencia médica de prevención y respuesta ante el COVID-19 en caso de haber adquirido la enfermedad en unos servicios de salud reforzados en este Centro con un stock de materiales y equipamiento adecuados. Se reforzarán, a su vez, estos servicios con la disponibilidad de personal sanitario cualificado durante todo el año 2021 que puedan ofrecer consultas y servicios de calidad (personal médico, enfermera/o, farmacéutico, administrativo y de higiene y limpieza). En el presente proyecto se pondrá todo el énfasis en atender a las personas en especial situación de vulnerabilidad como es el caso de las niñas y mujeres y personas pertenecientes a grupos indígenas. Así mismo, las personas con discapacidad o enfermos crónicos serán objeto de especial atención».

III.7. Segundo se reflicte no orzamento presentado, o custo total deste proxecto humanitario estímase en 90.242,36 €, dos que o Concello de Vigo achegaría 10.000 € (o 11,08%). O resto sería cofinanciado pola propia ACNUR e outros doantes, nacionais (“Fondo Cantabria Coopera”) e internacionais.

III.8. Nos vixentes orzamentos municipais da Concellería de Política de Benestar Social está prevista a concesión dunha subvención nominativa a favor de ACNUR por importe de 10.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda a Acnur”).

A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos prevese expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de «subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrución e ó restablecemento institucional.

III.9. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

III.10. A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.11. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).
- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como “*axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento*” (Art. 23.1.a]).
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria,



Concello de Vigo

autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.12. O proxecto presentado ó Concello de Vigo pola Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) estaría en coherencia tanto coas políticas de acción humanitaria do Estado («V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021»; Apdo. 1.2. “*Retos de la Cooperación Española*”; subapdo. 1.2.1. “*Retos globales de desarrollo*”) como da cooperación galega, concretadas no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021», no que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas respostar ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade e propónse dar continuidade ó traballo con organizacións multilaterais ou especializadas neste eido como ACNUR.

III.13. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.14. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder á Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) unha subvención directa por importe de 10.000€ (DEZ MIL EUROS) para o desenvolvemento do proxecto humanitario “*Asistencia sanitaria para a poboación refuxiada venezolana en Colombia en resposta á COVID-19*”, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo que constan nos expedientes de referencia.

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 10.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“*Axuda a Acnur*”) dos orzamentos vixentes, a favor da Asociación “España con ACNUR”, CIF G – 80757560.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión.

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de ACNUR “Asistencia sanitaria para a poboación refuxiada venezolana en Colombia en resposta á COVID-19”, consistente en incrementar o nivel de protección de 400 refuxiados e migrantes venezolanos (sobre todo de mulleres) fronte á COVID-19 e reforzar as capacidades dos servizos sanitarios colombianos no Centro de Atención Integral a Refuxiados e Migrantes Venezolanos da cidade de Riohacha para evitar a expansión desta pandemia polo país.

2ª.- *Beneficiarios e modalidades de axuda*: as beneficiarias directas deste proxecto serán 400 persoas venezolanas refuxiadas e migrantes (o 51%, mulleres cabezas de fogar) que cruzaron a fronteira con Colombia e atópanse no Centro de Atención Integral da cidade de Riohacha. Recibirán asistencia médica de prevención e resposta perante a COVID-19 nuns servizos de saúde reforzados nese Centro cun stock de materiais e equipamentos axeitados.

3ª.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“Axuda a Acnur”) dos vixentes orzamentos municipais.

4ª.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (ACNUR), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5ª.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.



Concello de Vigo

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de ACNUR, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente **antes do 01.11.2021** a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- Informe técnico final.
- Certificado emitido pola entidade solicitante de que o proxecto foi executado na súa totalidade e a consecución de obxectivos.
- Certificado emitido pola entidade solicitante do tipo de cambio aplicado.
- Documentación acreditativa do envío dos fondos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Copia do ingreso da subvención na conta da entidade solicitante.
 - Copia da transferencia bancaria efectuada por parte da entidade solicitante á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da desagregación da transferencia bancaria efectuada á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da non existencia de gastos e intereses dos fondos outorgados o tempo que estiveron depositados na conta da entidade solicitante antes de ser transferidos á contraparte local (UNHCR/ACNUR)
- Documentación acreditativa da recepción dos fondos pola contraparte local (UNHCR/ACNUR).
- Copia da factura expedida por UNHCR/ACNUR xustificativa do gasto realizado.
- Certificado da entidade solicitante acreditando a autenticidade da copia da factura.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obri-

gado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención rexerese, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(483).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DO “CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL” (CIIES) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 218315/301.

Visto o informe xurídico do 04/06/21 e o informe de fiscalización do 07/06/21, dáse conta do informe-proposta do 02/06/21 asinado por o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, a xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) acordou, na súa sesión extraordinaria e urxente do 11.11.2016, adxudicar á entidade "CRUZ ROJA ESPAÑOLA" o contrato de servizos do Albergue-CIIES da rúa Marqués de Valterra n.º 6 por un prezo de 3.101.287,24€.

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 30.11.2016, presentando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de catro (4) anos, mediante dúas prórrogas dun (1) ano cada unha, sempre que o contratista non se opuxese á mesma coa antelación estipulada: 9 meses antes da data de vecemento do prazo ou da prórroga en curso.

Fixouse como data efectiva de inicio do contrato o 01.12.2016 (cláusula 4), polo que a súa vixencia inicial finalizou o 30.11.2020.

I.4. No Exp. nº 202510/301 (2020) tramitouse polo Servizo de Benestar Social a 1ª prórroga deste contrato, que foi acordada expresamente pola XGL na súa sesión ordinaria do 23.07.2020 por un periodo dun (1) ano, desde o 01.12.2020 ata o 30.11.2021, autorizando para estes efectos un gasto de 775.321,81€ imputable á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.13.

I.5. De acordo co exposto, o acordo municipal autorizando a 2ª prórroga deberá producirse necesariamente antes desa data, dado que xuridicamente non resulta posible prorrogar un contrato xa finalizado.

I.6. Tramítase agora o expediente administrativo co nº 218315/301 (2021) do Servizo de Benestar Social e consta nel (e nos expedientes relacionados) a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social do 26.05.2021, ordeando a incoación de expediente administrativo.
- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade "CRUZ ROJA ESPAÑOLA" e Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (constan no Exp. nº 120763/301; trámites núms. 240 e 70, respectivamente).
- Escrito presentado no Rexistro electrónico municipal o 22.01.2021 (Código W512563-109; doc. nº 210010340) pola representante de "CRUZ ROJA ESPAÑOLA", D./Dª M.ª Teresa Álvarez Quicler, manifestando a súa conformidade coa prórroga proposta.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.

- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- [TRLCSPP (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público)].
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Guía de Fiscalización da Contratación (versión 01_2021).

▮ INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica.



Concello de Vigo

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das fazendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúsen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. PRÓRROGA (2ª) DO CONTRATO DE SERVIZOS DO CIIES: XUSTIFICACIÓN

III.2.1. De conformidade co disposto no Apdo. 2 da Disposición transitoria primeira da LCSP, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma rexeranse, no tocante ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior (RDLex.3/2011, do 14 de novembro, Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público – TRLCSP).

III.2.2. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 23 do TRLCSP, de carácter básico, preceptuaba que a duración dos contratos do sector público estableceríase tendo en conta a natureza das prestacións, as características do financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas.

III.2.3. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as súas características permanezan inalterables e que a concorrência para a súa adxudicación teña sido realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas. Para tal efecto, o número máximo de prórrogas deberá figurar nos Pregos, como así sucede neste contrato.

III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, a non ser que o contrato expresamente prevese o contrario, sen que poida producirse polo simple consentimento tácito das partes.

III.2.5. Especificamente, sobre a duración dos contratos de servizos, prescribía o Art. 303.1 do TRLCSP que estes non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro (4) anos, coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, aínda que podería preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mútuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non excedese de seis (6) anos, e que as prórrogas non superasen, aíllada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

III.2.6. O contrato formalizado con “CRUZ ROJA ESPAÑOLA” é un contrato administrativo de servizos (Arts. 10, 19, 301 e ss. e Anexo II TRLCSP) adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de catro (4) anos desde a súa data de inicio (01.12.2016). Como xa se indicou antes, está expresamente prevista a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha e a primeira delas foi xa acordada, para o período 01.12.2020 – 30.11.2021, pola XGL o 23.07.2020.

III.2.7. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social, que é a quen lle corresponde a dirección técnica do CIIES (Art. 8 Regulamento CIIES), como a Xefatura desta Área e a Concelleira de Política de Benestar Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dos programas e servizos sociais que no CIIES estanse a prestar ás persoas en situación ou risco de exclusión social.

II.2.8. Por outra banda, faise contar que está garantido durante toda a vixencia deste contrato (incluídas as prórrogas) o uso a favor do Concello de Vigo das instalacións da “Casa do Pescador” da rúa Marqués de Valterra nº 6, no que se ubica o Albergue municipal – CIIES, nos termos fixados polo Padroado da «Fundación Casa del Pescador – Institución Valeriola» na súa reunión do 21.04.2016, aceptados polo Concello (XGL do 06.05.2016), na que acordou ampliar o prazo de cesión ó Concello de Vigo do uso das instalacións e dependencias da “Casa do Pescador” por un período de seis (6) anos contado desde o 01.01.2017, prorrogable tacitamente por períodos iguais, de non mediar denuncia expresa de calquera das partes con, alomenos, tres (3) meses de antelación tanto a respecto do período inicial renovado como de calquera das súas prórrogas. Consta no Exp. nº 69737/301 o oficio do Comandante Naval e Presidente do Padroado da Fundación de data 22.04.2016 (Rexistro xeral do 25.04.2016; Doc. nº 160052070) polo que dá traslado a esta Administración de copia da acta daquela reunión e do certificado do acordo adoptado sobre este particular.

II.2.9. A prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal suscrito o 30.11.2016, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación. Tampouco será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada.



Concello de Vigo

III.2.10. O gasto representado por esta prórroga, que é de 775.321,81 €, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.227.99.13 dos orzamentos municipais.

III.2.11. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 109.3 e DA 2ª apdo. 8º do TRLCSP e ccdtes., xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.12. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e DA 2ª TRLCSP).

IV. CONCLUSIONES

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 30.11.2016 polo Concello de Vigo coa entidade "CRUZ ROJA ESPAÑOLA" e prorrogado por primeira vez para o periodo 01.12.2020 – 30.11.2021, toda vez que:

- a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas no TRLCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- c) As características do contrato de servizos formalizado para a execución de determinados programas e servizos no CIIES permanecerán inalterables.
- d) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta segunda prórroga.
- e) Consta a aceptación formal do contratista.
- f) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01/12/2021 e ata o 30/11/2022, o contrato de servizos do "Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social" (CIIES) do Concello de Vigo adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 11.11.2016 á entidade "CRUZ ROJA ESPAÑOLA" (CIF nº Q-2866001G), formalizado en documento administrativo o 30.11.2016, de conformidade co previsto no Art. 303.1 do TRLCSP e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares, facendo constar que as melloras ofertadas pola empresa adxudicataria, enumeradas no contrato, seguen a operar no período da prórroga.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 775.321,81 € que representa esta segunda (2ª) prórroga anual a favor de "CRUZ ROJA ESPAÑOLA", que poderá imputarse á aplicación orzamenta-

ria nº 2310.227.99.13, correspondendo 64.610,15 € ó exercicio de 2021 e 710.711,66 € ó de 2022.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(484).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRRARRÚAS NA ESTRADA JOSÉ RIVAS”. EXPTE. 653/441.

Visto o informe de fiscalización do 07/06/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construcción de beirarrúas na estrada José Rivas” (653-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construcción de beirarrúas na estrada José Rivas” (653-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:



Concello de Vigo

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA JOSÉ RIVAS” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E SETE MIL NOVECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (187.943,64 €) asinado dixitalmente en data 12 de maio de 2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 9 de outubro 2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO OITENTA E SETE MIL NOVECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (187.943,64 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 32.618,32 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARRÚAS, COOFINANCIADO DEPUTACIÓN).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. por conter a súa oferta valores anormais e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construcción de beirarrúas na estrada José Rivas” (653-441) na seguinte orde descendente:

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 10.000,00 € (dez mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890012 denominada “*Convenio Fundación Igual Arte*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2021.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Fundación Igual Arte*” (CIF.- G36427524), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 10.000 € (dez mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Participación Cidadá e Festas D. Pablo Luis Estévez Rodríguez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES, DIRECTAMENTE RELACIONADAS, NECESARIAS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

REUNIDOS

Dunha parte, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a M^a Cristina Lago Pérez, con DNI 3614*****, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: G36427524), con domicilio social Rúa Palencia, nº 34, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 10063/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizar-se a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos



Concello de Vigo

intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación especial, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito da integración (laboral, social, educativa, familiar...) das persoas con discapacidade, sendo a Fundación Igual Arte unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade “*Fundación Igual Arte*”, ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía vigeusa, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espazo activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “*Fundación Igual Arte*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 851/03 no epígrafe 2.7.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Fundación Igual Arte leve a cabo os proxectos e actividades socioeducativas planificadas para o 2021, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890012, denominada “*Convenio Fundación Igual Arte*” nominativa a favor da entidade, con unha asignación presupostaria de 10.000,00 €.

VII.- As actividades programadas pola Fundación Igual Arte para o 2021, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente, agrúpanse en tres programas educativos fundamentais:

1. Programa de Educación Musical
2. Programa de Educación Teatro
3. Programa de Expresión Plástica Creativa

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da fundación, mediante o financiamento dos gastos de mantemento do seu local social, situado na Rúa Palencia, 34, entre os meses de outubro de 2020 a setembro de 2021, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é o seguinte:

ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (outubro 2020- setembro 2021)	IMPORTE
Persoal de mantemento	9.112,10 €
Calefacción	3.000,00 €
Luz	500,00 €
TOTAL	12.612,10 €

IX.- Que a entidade Fundación Igual Arte non incorra en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, asistencial... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Fundación Igual Arte*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito socioeducativo e lúdico-formativo, dirixidas á potenciar o benestar e a integración de persoas con minusvalías e necesidades especiais, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade *Fundación Igual Arte* comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.



Concello de Vigo

4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Fundación Igual Arte*” unha subvención por importe de 10.000 € (dez mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890012, denominada “*Convenio Fundación Igual Arte*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos de mantemento do seu local social entre os meses de outubro de 2020 a setembro de 2021, situado na Rúa Palencia 34, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.
2. Respetar a estrutura organizativa da “*Fundación Igual Arte*”.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.
3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.
4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre outubro de 2020 ata setembro de 2021.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Fundación Igual Arte* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2021**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a tra-



Concello de Vigo

vés de sede electrónica do Concello de Vigo , mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datás e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador,

concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "X" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
 - Contrato de traballo.
 - Xustificante do contrato de traballo rexistrado no SEPE.
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (RLC) e Relación nominal de traballadores (RNT), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Nóminas correspondente aos meses imputados.
 - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
 - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención



Concello de Vigo

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e/ou o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Festas, e de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola "Fundación Igual Arte" no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES66 2100 1774 2102 0004 2194 (CaixaBank).

Décimo primeiro. - Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

Décimo segundo. - Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/20 e o 30/09/21.

Décimo terceiro. - A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Participación Cidadá e Festas. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto. - A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto. - Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o

reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto. - En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo. - A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.



Concello de Vigo

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

10(490).- PRÓRROGA DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 10111/320.

Visto o informe xurídico do 13/05/21 e o informe de fiscalización do 04/06/21, dáse conta do informe-proposta do 11/05/21, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Participación Cidadá, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321)

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria **do 18 de maio de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3.401-321) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 251.220,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 43.600,20 euros.*
- b) Propón a instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:
 - Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota
 - con acceso desde móbil á plataforma
 - con xestión de cámaras remota
 - Propón un incremento de cámaras de videovixilancia
 - 0 cámara exterior motorizada antivandálica
 - 1 cámara exterior antivandálica
 - 4 cámaras exterior / interior
 - 0 Módulos antisabotaxe
 - 0 Detectores volumétricos
- c) Propón un incremento do número de visitas de control:
 - Durante o peche dos centros 2 visitas.
 - En horario diúrno en sábados, domingos e festivos 2 visitas.
- d) Propón un incremento de 5 acudas por incidencia.
- e) Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.



Concello de Vigo

f) *Propón un tempo de resposta ante avarías de 2 horas e 30 minutos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

II. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **17 de xaneiro de 2019**, acordou:

“1º.- Modificar o contrato do servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (3401-321), nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Participación cidadá de data 2 de novembro de 2018, que consiste na incorporación dun novo centro correspondente ao inmovible municipal situado na rúa San Miguel nº 2, rúa Eduardo Cabello 39, e rúa Alfolíes 10, denominado “Casa do Patín”, en Bouzas e adscrito ao servizo de participación cidadá como Centro Municipal de Distritos de Bouzas. A modificación representa un 15,63% do prezo primitivo do contrato.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que supón un incremento do seu importe anual en 15.705,26 € dende o 10/01/2019 ao 30/06/2021, que se distribuirían orzamentariamente segundo o indicado no citado informe:

- ano 2019: 15.274,98 €*
- ano 2020: 15.705,26 €*
- ano 2021: 7.852,63 €*

TOTAL: 39.263,15 €

3º.- Reaxustar a garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.”

A modificación do contrato foi formalizada con data 28/02/2019, quedando establecido o importe anual do contrato, trala modificación, en 78.510,31 euros (62.805,05 + 15.705,26)

III. O artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevexa expresamente o contrario, sen que poda producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, sinala, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións Públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis

anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP, en diante) do contrato dispón, na cláusula 7ª, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A da FEC, que establece un prazo de catro anos.

Así mesmo, a Cláusula 7ª do PCAP establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas de Características do Contrato (FEC) sempre que, medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. O contratista poderá opoñerse a prórroga comunicándoo por escrito con 9 meses de antelación a data de vencemento do prazo ou da prórroga en curso.

En relación co anterior, o apartado 4.C das FEC prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

IV. O contrato foi formalizado con datas 28/06/2017, iniciándose a súa execución, conforme a súa Cláusula 4ª, con efectos de 1/07/2017, polo que, o seu prazo finalizará o vindeiro 30/06/2021

V. O contratista non ten comunicado por escrito a súa oposición á prórroga con 9 meses de antelación á data de vencemento do prazo.

Na actualidade o servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito se desenvolve conforme o disposto no prego de condicións técnicas, realizándose de maneira satisfactoria pola empresa adxudicataria, polo que toda vez que o prazo de execución do contrato remata o 30/06/2021, e debido á necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a presente prórroga dun ano de duración do contrato.

As características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da prórroga, manténdose a mellora ofertada no contrato.

De conformidade co anteriormente exposto e de acordo co establecido nos artigos 23 e 303 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e conforme a previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe e previo informe de fiscalización favorable da Intervención Xeral Municipal, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Autorizar a prórroga de UN ANO do contrato, no período comprendido entre o 01/07/2021- 30/06/2022, para a prestación servizo de vixilancia dos Centros Municipais de Distrito (expediente núm. 3401/321) dependente da Concellería de Participación Cidadá e



Concello de Vigo

Festas, do que é actual adxudicataria PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA, S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de maio de 2017, nos termos do dito acordo e da modificación introducida no contrato, en virtude do acordo do mesmo órgano de data 17/01/2019 (expte. Núm. 3866-321), consistente na incorporación dun novo centro correspondente ao inmovible municipal situado na rúa San Miguel nº 2, rúa Eduardo Cabello 39, e rúa Alfolíes 10, denominado “Casa do Patín”, en Bouzas, e adscrito ao servizo de participación cidadá como Centro Municipal de Distritos de Bouzas.

O importe da prórroga será de 78.510,31 €, dos que 39.255,16 € corresponden ao orzamento de 2021 e 39.255,15 € ao orzamento de 2022, e se imputará á partida 9240 2270100 “VIXIANCIA E SEGURIDADE”, manténdose, no período de prórroga, as condicións ofertadas no contrato e na súa modificación, sen custe para o Concello:

- Propón a instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:

- Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota
 - con acceso desde móbil á plataforma
 - con xestión de cámaras remota
- Propón un incremento de cámaras de videovixilancia
 - 0 cámara exterior motorizada antivandálica
 - 1 cámara exterior antivandálica
 - 4 cámaras exterior / interior
- 0 Módulos antisabotaxe
- 0 Detectores volumétricos

- Propón un incremento do número de visitas de control:

- Durante o peche dos centros 2 visitas.
- En horario diúrno en sábados, domingos e festivos 2 visitas.

- Propón un incremento de 5 acudas por incidencia.

- Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.

- Propón un tempo de resposta ante avarías de 2 horas e 30 minutos.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(491).- AUTORIZACIÓN Á SOCIEDADE ESTATAL DE CORREOS E TELÉGRAFOS S.A. PARA A INSTALACIÓN DE BUZÓNS DE CORREOS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 20355/240.

Visto o informe de fiscalización do 31/05/21, dáse conta do informe-proposta do 24/05/21, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- a) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- b) Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- c) Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- d) Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público. (LCSP).
- e) RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- f) RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos SA (Red de Distribución-Sector 1S10), mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de agosto do 2019 (ampliado por outros posteriores de 30/8/2019 e 6/9/2019) solicitou autorización para a instalación de buzóns de alcance (verde) en diversas ubicacións nas rúas desta cidade correspondentes a distintos distritos postales, que se relacionan na documentación achegada coa súa solicitude.

Segundo sinalase pola solicitante, a instalación farase mediante anclaxe de 4 tornillos expansores na beirarrúa sen necesidade de obra.

Segundo.- Durante a instrucción do expediente emitíronse os seguintes informes polos servizos municipais correspondentes:

a).- O Servizo de Mobilidade e Seguridade informou o 5/12/2019 en relación ás ubicacións solicitadas, sinalando que :

NON hai inconveniente en autorizar a instalación dos buzóns nos enderezos seguintes:

Reubicacións

- AVDA. FLORIDA 41à AVDA. FLORIDA 5
- AVDA. CASTRELOS 102à AVDA. CASTRELOS 46
- RÚA BAIONA 4àAVDA. CASTELAO 79



Concello de Vigo

- RÚA TOMÁS ALONSO 114 à ORILLAMAR 233
- RÚA CAMILO VEIGA 23 PEGARLO AL MURO DE ATRAS

Como novas ubicacións:

- SAA 66
- ESTRADA CLARA CAMPOAMOR 3
- AVDA. CASTELAO 54 PEGADO AL MURO DEL EDIFICIO
- RÚA MOAÑA 1
- PRAZA EUGENIO FADRIQUE 4
- RÚA EDUARDO CABELLO 49
- RÚA PAZO SOLITA 8
- AVDA. ATLANTIDA 45A
- RÚA AS TEIXUGUEIRAS 30
- RÚA SAN PAIO 286
- AVDA. ATLANTIDA 4
- TEIXUGUEIRAS 10

b).- Segundo informe do Servizo de Fomento do 15/3/2021, fíxase en *SEISCENTOS SETE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS I.V.E. INCLUÍDO (607,30€ i/IVE)* a ocupación do dominio público coa instalación de buzóns de correos nas rúas sinaladas.

c).- A Dirección de Ingresos da Administración de Tributos, o 23/4/2021 informa: *De conformidade co disposto no artigo 22.2 da Lei 43/2010, do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal "O operador designado polo Estado para a prestación do servizo postal universal quedará exento dos tributos que graven a súa actividade vinculada ao servizo postal universal, excepto o imposto sobre Sociedades". De acordo co disposto na Disposición Adicional Primeira da citada Lei 43/2010, do 30 de decembro, o Estado ten encomendada a prestación do servizo postal universal á Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A por un período que finaliza o ano 2026. O servizo postal universal é o conxunto de servizos postais cuxa prestación garantiza o Estado de forma permanente en todo o territorio nacional e a prezo asequible para todos os usuarios. Este servizo inclúe as actividades de recollida, admisión, clasificación, transporte, distribución e entrega de envíos postais nacionais e transfronteirizos, tanto de cartas e tarxetas, postais de ata dous kilogramos de peso, como de paquetes postais de ata vinte kilogramos de peso (art. 21 da Lei 43/2010). O servizo postal universal inclúe tamén a prestación dos servizos de certificado e valor declarado para los envíos antes indicados. En consecuencia, tendo en conta que os buzóns de correos son elementos necesarios para a prestación do servizo postal universal, encomendado ata o 2026 á Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A, non procede á esixencia de taxas por utilización privativa/aproveitamento especial por mor da instalación de buzóns de correos na vía pública, á vista da exención contemplada no artigo 22.2 da Lei 43/2010.*

Terceiro.- A Sociedade Estatal de Correos y Telegrafos SA (Red de Distribución-Sector 1S10) presenta, o 6/5/2021, unha declaración responsable conforme non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no art. 71 da Lei 9/2017 de 8 de no-

vembro, de Contratos do Sector Público, dacordo co requerido no art. 94 da L.33/2003 de Patrimonio das AAPP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Las retribuciones por los conceptos de nocturnidad, trabajos en festivos y en excesos de jornada son gratificaciones por servicios extraordinarios. Retribuyen trabajos realizados en una jornada que no se considera normal, por lo que no deben incluirse entre las retribuciones a percibir en los periodos de baja por enfermedad, o en los casos de disfrute de permisos. Las gratificaciones solo pueden retribuir periodos efectivos de trabajo.

O Tribunal Supremo (Sta. de 22.12.1995), en relación a la llamada penosidad nocturna y penosidad festiva, o retribuciones percibidas por trabajos en horas nocturnas o en domingos y festivos, ha establecido que dichas retribuciones son gratificaciones por servicios extraordinarios.

Mientras que el complemento específico se fija para cada puesto de trabajo en atención a las características de su función, con independencia del tiempo en que se lleve a cabo, la gratificación por servicios extraordinarios retribuye trabajos realizados en una jornada que no se considera normal, calificando como gratificaciones dichos complementos de penosidad, nocturnidad y festivo, que no son fijados en atención a las características del puesto de trabajo con independencia del tiempo en que se lleve a cabo.

Además, por definición legal, en ningún caso serán fijas en su cuantía ni periódicas en su devengo las retribuciones extraordinarias que correspondan a trabajos fuera de la jornada normal.

En este sentido, el art. 137.2 d) de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia define como retribuciones complementarias las gratificaciones por servicios extraordinarios, realizados fuera de la jornada normal, que en ningún caso pueden ser fijas en su cuantía ni periódicas en su percepción. También tendrán la consideración de gratificaciones extraordinarias las compensaciones económicas no incluidas en el complemento de puesto de trabajo que se devenguen por la prestación de servicios en regímenes de jornada distinta a la ordinaria, cambios de turno, realización de guardias localizadas o de trabajos nocturnos o en sábados, domingos y festivos,...”

IV.- RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira competente en materia de persoal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude formulada, en base aos fundamentos xurídicos expostos no corpo do presente informe.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao solicitante e ao persoal técnico de Recursos Humanos e Formación aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(497).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DE ABOAMENTO DE GASTOS XUDICIAIS DO EMPREGADO PÚBLICO CO NP 7780. EXPTE. 37758/220.

Dáse conta do informe-proposta do 03/06/21, asinado pola técnica de xestión, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En escrito de data da sinatura electrónica (nº doc. 210093320) o/ empregado municipal G. Fernández Costa, con DNI nº **1346** *, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento LEV. JUICIO SOBRE DELITOS LEVES nº 698/2018, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo, tendo sido ditado Sentenza 19/2020 que absolve ao demandado.

II.- O importe solicitado ascende a unha contía de 605 euros.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.



Concello de Vigo

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, tales como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”.

IV.- Aplicando ao caso que nos ocupa o exposto nos fundamentos anteriores, cabe concluír que non se cumpre o presuposto necesario para xenerar o dereito ao abono dos gastos xudiciais. O convenio establece claramente que o dereito a defensa xurídica dos traballadores do concello, ten que ter o seu orixe ou ser “consecuencia do desenvolvemento das funcións

propias do seu cargo". Pola súa banda a xurisprudencia do Tribunal Supremo concreta que o gasto xudicial "tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala."

Tal e como consta na documentación aportada, en concreto a Sentenza 19/2020, de 17 de xaneiro de 2020, "*Ha quedado probado, y así se declara, que J. L. RODRIGUEZ MACIAS y G. FERNÁNDEZ COSTA se encontraron en la entrada del parque de bomberos de Teis el día 6/4/2019, sobre las 13.00 horas, y como quiera que entre ambos existen malas relaciones previas, comenzó una discusión entre ambos, sin que conste que ninguno de ellos hubiera empujado ni amenazado al otro.*"

A imputación xudicial no caso do Sr. Fernández Costa, segundo se desprende da documentación aportada, vino motivada por actuacións (presuntas ameazas e maltrato de obra) que tivo lugar como consecuencia dunha discusión entre o agora solicitante e outro compañeiro, e "*como quiera que entre ambos existen malas relaciones previas*".

No fundamento segundo da referida Sentenza, se deixa constancia de "*Tras la visualización del video de las cámaras de seguridad se observa que en un determinado momento se produce un tumulto, donde todos intervienen, y si bien la actitud del sr. RODRIGUEZ MACIAS parece mucho más activa, ya que se le ve ir de un lado a otro sin control de impulsos, no se puede verificar en esa grabación, ni tampoco con el testimonio de cuantos han declarado en el juicio, que se haya producido acto de agresión alguno, pues ninguno de los intervinientes ha manifestado haber sido agredido,...*"

Así as cousas, non se cumpriría o primeiro requisito que sería necesario para a estimación da solicitude de gastos xudiciais, a saber, que os mesmos sexan consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, ou teñan seu orixe ou causa directa nunha actuación administrativa ou de outra índole realizada no cumprimento das funcións atribuídas polas disposicións aplicables. Neste caso os gastos xudiciais foron motivados non por actuacións derivadas do exercicio das súas funcións, se non por unha discusión entre compañeiros.

Se deixa constancia a maiores que o Sr. Fernández Costa a factura da avogada aportada, non consta asinada e no se aporta documento que acredite a firmeza da Sentenza.

V.- No fundamento terceiro da Sentenza aportada, afírmase que: "*...Y, debe añadirse, que resulta absolutamente exagerada la conducta del sr. FERNÁNDEZ COSTA afirmando que toda esta situación le ha generado temor o miedo, estando incluso de baja en la actualidad. Podrá darse la explicación que se quiera, pero en un profesional de un cuerpo de bomberos tan profesional como el de Vigo, no es creíble que el nimio e irrelevante incidente sucedido pueda haber provocado el trauma que se alega, tal y como igualmente refiere el Médico Forense, por lo que, considerado dicho informe del IMELGA, puede incluso concluirse que estamos ante una baja laboral simulada.*"

Considerando que a simulación dunha baixa laboral, supoñe unha falta grave do persoal funcionario (artigo 186 Lei 2/2015, de 29 de abril, del emprego público de Galicia); á vista da conclusión expresada na sentenza aportada - que estamos ante unha baixa laboral simulada -, e segundo manifesta na mesma, coincide coa conclusión do IMELGA, debe procederse a investigación da mesma polos órganos competentes.

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.



Concello de Vigo

Por tanto, e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decretos da Alcaldía do 16/04/2021 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021), elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Desestimar, en base ao informe proposta que antecede, a solicitude presentada polo empregado municipal G. Fernández Costa, con DNI nº ****1346**** * (nº doc. 210093320).

SEGUNDO.- Instar aos órganos competentes para a adopción das medidas que se consideren oportunas para investigar a baixa laboral referida na Sentenza 19/2020 do Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(498).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO AO ÓRGANO DE SELECCIÓN PARA A PROVISION DE CATRO PRAZAS DE CONDUTOR BOMBEIRO EN QUENDA LIBRE, OEP ANOS 2017, 2018 E 2019. EXPTE. 37781/220.

Dáse conta do informe-proposta do 04/06/21, asinado pola técnica de xestión, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Constitución Española do 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Leais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o 12 de marzo de 2020 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019 (1ª fase: Sarxento extinción de incendios, Bombeiro, Conductor-Bombeiro, Inspector policía local, Policía Local), aprobou as bases xerais destes procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas e postos que configuran a 1ª fase desta Oferta Pública de Emprego.

Segundo.- O órgano de selección adoptou nas sesións que tiveron lugar nas datas 25 e 27 de xaneiro de 2021 acordos de valoración dos méritos achegados polos aspirantes que se encontraban no expediente electrónico do proceso selectivo, a este acordo se lle dá a correspondente publicidade na web municipal o 27.01.2021 outorgándolle aos aspirantes tres días hábiles para interpoñer reclamacións.

Terceiro.- O día 27.01.2021 o aspirante mediante documento nº 210013768 presenta a súa reclamación á valoración de méritos e solicita se lle teña en conta a documentación de méritos que aporta e en consecuencia se modifique a valoración correspondente, xa que segundo relata cando presentou a instancia na web do concello non se podía aportar ningún tipo de documentación e despois non se lle requiriu desde a Administración ou o Tribunal de valoración.

O órgano de selección mediante acordo de data 12.02.2021 desestimou a reclamación presentada polo aspirante ao entender, de acordo co que sinala a Base Décimo Terceira reguladora do procedemento, que este debía presentar a súa documentación acreditativa dos méritos que tivese a intención de alegar xunto coa vida laboral correspondente, se se tratara de experiencia profesional, antes da finalización do prazo de presentación de instancias, sen ter que ser requirido pola Administración ou o Tribunal avaliador.

Cuarto.- O día 2.03.2021 o aspirante presenta solicitude de aclaración sobre a interpretación das bases do proceso selectivo (doc.210033619).

O órgano de selección na sesión que tivo lugar o 18 de marzo de 2021 acordou inadmitir a súa solicitude, por canto o órgano de selección xa resolveu sobre as reclamacións formuladas á fase de concurso sen que lle corresponda facer interpretacións xenéricas sobre as bases do proceso selectivo respecto desta fase do concurso que xa resolveu definitivamente. Con todo o órgano de selección considerou que o acordo adoptado definitivamente sobre as reclamacións á valoración da fase de concurso estaba debidamente motivado xustificando e axustado a dereito.

Quinto.- Con data 17.03.2021 D. Brais Comesaña Martínez presenta recurso de alzada documento nº 210043598 no que solicita sexan recoñecidos como presentados os méritos remitidos e valorados de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O artigo 121 da Lei 39/2015 establece en relación ao recurso de alzada que:

“Obxecto.

1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.



Concello de Vigo

Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fixese o nomeamento do seu presidente.

2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxese ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto impugnado será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior.”

Segundo.- Concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo, polo que procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto.

Terceiro.- O recorrente en alzada alega os mesmos motivos de impugnación xa expostos na súa reclamación previa sen desvirtuar en modo algún os fundamentos que levaron a este órgano de selección á desestimación da súa reclamación.

Neste sentido é de ter en conta que o artigo 112 da Lei 39/2015, que sinala os principios xerais dos recursos administrativos establece no seu número 1 que:

“Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, os interesados poderán interpor os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta lei.

A oposición aos restantes actos de trámite poderá ser alegada polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.”

O recorrente no seu recurso de alzada non sinala en cal dos motivos de nulidade ou anulabilidade dos previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015 basea os seu recurso, non entanto, facemos as seguintes consideracións:

O principio xurídico de que as bases da convocatoria dun proceso selectivo constitúen a propia lei da convocatoria e vinculan tanto aos participantes coma a Administración é inveterado na nosa xurisprudencia como manifestación do principio de seguridade xurídica e sometemento da Administración ao principio de legalidade, cítase a título de exemplo a Sentenza 711/2019 de 28 de maio de 2019 no Recurso 90/2017 do TS, Sala 3º do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª.

Considerando este principio o órgano de selección interpretou a Base Décimo Terceira “Documentación” que establece:

“Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición os/as aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.

.....

Para a xustificación dos méritos o/a aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla tivesen facilitado antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá aportar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia autenticada, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso non procederá a súa valoración se non fose presentada antes da data da sesión de valoración do concurso.

O órgano de selección poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados”.

Á vista do exposto, o órgano de selección ratifícase no motivo da desestimación, xa que o recorrente en alzada non desvirtúa en ningún caso os motivos que levaron a este órgano de selección á desestimación da reclamación e segue a considerar que o aspirante debía presentar a súa documentación acreditativa dos méritos que tivese a intención de alegar xunto coa vida laboral correspondente antes da finalización do prazo de presentación de instancias, sen ter que ser requirido pola Administración ou o Tribunal avaliador.

Cuarto.- En consecuencia co anterior, o órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas para a provisión en propiedade de catro prazas de condutor/a bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019 (BOE nº 247.16.09.2020) na súa reunión celebrada o día 01/06/2021 acordou por unanimidade remitir á Xunta de Goberno Local o anterior informe-proposta, co seu correspondente acordo, para o seu coñecemento e resolución.

Quinto.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alzada presentado polo aspirante D. Brais Comesaña Martínez, documento nº 210043598 con data 12.03.2021 no que solicita sexan recoñecidos como presentados os méritos remitidos e que se sexan valorados de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo para a provisión en propiedade de catro prazas de funcionario de carreira condutor/a bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019 (BOE nº 247.16.09.2020). Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

"ÚNICO: Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Brais Comesaña Martínez o día 12 de marzo de 2021, documento nº 210043598, no que solicita sexan recoñecidos como presentados os méritos remitidos e que se sexan valorados de conformidade coas bases que rexen o procedemento selectivo para a provisión en propiedade de catro prazas de condutor/a bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019 (BOE nº 247.16.09.2020) polas razóns xurídicas expostas.-"

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

19(499).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE ALZADA INTER-POSTO CONTRA ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE CATRO PRAZAS DE CONDUTOR BOMBEIRO EN QUENDA LIBRE, OEP ANOS 2017, 2018 E 2019. EXPTE. 37782/220.

Dáse conta do informe-proposta asinado con data 04/06/21 pola secretaria do órgano de selección do proceso selectivo para a provisión de catro prazas de condutor/a bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Constitución Española do 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Leais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o 12 de marzo de 2020 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019 (1ª fase: Sarxento extinción de incendios, Bombeiro, Conductor-Bombeiro, Inspector policía local, Policía Local), aprobou as bases xerais destes procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas e postos que configuran a 1ª fase desta Oferta Pública de Emprego.

Segundo.- O día 28 de xaneiro de 2021 realizouse o primeiro exercicio do proceso selectivo no Pavillón Municipal de Navia, consistente en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 50 preguntas, máis 10 de reserva, con catro respostas alternativas, das que unicamente unha delas era correcta, que os aspirantes tiñan que contestar nun tempo máximo de 70 minutos.

Ao día seguinte, 29 de xaneiro de 2021 publicáronse as puntuacións, outorgándose un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións.

O día 30 de xaneiro de 2021 o aspirante D. Pablo Martinez Lemos presentou reclamación contra as preguntas número 1, 6,7,11,19,27,34,41 e 52.

Despois de acordarse polo órgano de selección a anulación da pregunta nº 30 e a súa substitución pola pregunta de reserva nº 51 con data 18/02/2021 publicouse na web municipal o anuncio do novo resultado do primeiro exercicio tipo test realizado o día 28/01/2021; así mesmo a desestimación da reclamación do recorrente polos motivos que constaban na acta correspondente se lle notifica individualmente coa posta a súa disposición da notificación administrativa na web municipal o 19/02/2021 e que o aspirante recibe o día 20/02/2021.

Terceiro.- Con data 20 de febreiro de 2021 solicita revisar presencialmente o seu exame teórico (preguntas 1,34 e 41) por considerar que existen graves e claros erros de corrección por parte do Tribunal o que supón a non superación dese exame ao quedarse cunha nota de 4,9 puntos.

Cuarto.- O día 14 de marzo de 2021 o aspirante interpón recurso de alzada (doc 210041060) en relación á corrección do exame teórico ao considerar que existen graves erros tanto na redacción, nas respostas a algunhas preguntas e na corrección que realizou o Tribunal. Alega que o proceso selectivo consta dun temario aberto e que non se lle indican en que manuais, libros e temarios se baseou o Tribunal para redactar as preguntas e para corrixilas. O recorrente manifesta que na revisión do exame o único que lle deixaron ver e revisar foi a plantilla de respostas que cubriu no exame, e que non puido expoñer as súas dúbidas sobre as preguntas que consideraba tiñan erros. Realízanse peticións concretas en relación ás seguintes preguntas:

-Pregunta número 1: solicita se lle indique en que temario, manual, lexislación etc... consta que un sobrecalentamento ou unha sobreintensidade non son consecuencias dun cortocircuíto.

-Pregunta número 11 : solicita se lle indique en que manual de cabestantes aparece a cuestión e como está redactado.

-Pregunta número 30: manifesta non entender o motivo da súa anulación, así mesmo engade que entra no temario, está clara e aclarada na web do Concello de Vigo.

-Pregunta número 34: adxunta manual de freos de aire da marca Bendix e o recorrente sinala *“que nel se indica que os camións levan secadores de aire para que non se condense o vapor de auga, a ese produto que fai referencia a pregunta non se lle chama líquido anticonxelante posto que en argot de mecánica o líquido anticonxelante é o líquido do sistema de refrixeración e crea confusión, e aínda que aceptáramos chamalo así non se pode indicar a periodicidade da revisión posto que debido á gran variedade que hai de equipos, camións, sistemas etc.... na actualidade se fala sempre de seguir as indicacións do fabricante ou provedor para non crear dúbidas”*.

-Pregunta número 41: indica que a resposta a) non é correcta a vaporización local non existe o recorrente sinala *“ vaporización é cando pasa a vapor toda a masa líquida, cousa que non pasa na cavitación. A propia resposta do Tribunal á miña impugnación o indica”*.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O artigo 121 da Lei 39/2015 establece en relación ao recurso de alzada que:

“Obxecto.

1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.

Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fixese o nomeamento do seu presidente.

2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxese ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.



Concello de Vigo

O titular do órgano que ditou o acto impugnado será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior.”

Segundo.- Concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo, polo que procede admitir a trámite o recurso de alzada interposto.

Terceiro.- Haberá de terse en conta o disposto no artigo 112 da Lei 39/2015, que sinala os principios xerais dos recursos administrativos, ao establecer no seu número 1 que:

“Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, os interesados poderán interpor os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta lei.

A oposición aos restantes actos de trámite poderá ser alegada polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.”

O recorrente no seu recurso de alzada non sinala en cal dos motivos de nulidade ou anulabilidade dos previstos nos artigos 47 e 48 da Lei Lei 39/2015 basea os seu recurso, non entanto, facemos as seguintes consideracións:

En relación aos manuais, libros, temarios nos que se baseou o Tribunal para redactar as preguntas e para corrixilas indicar que a Base VI das específicas establece a regulación deste exercicio ao determinar que o primeiro exercicio, teórico, de carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 50 preguntas como mínimo e 70 como máximo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas. O cuestionario será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Na Acta nº 4 de data 28 de xaneiro de 2021, no apartado confección do exercicio, se detallan os libros e manuais que se empregaron para a elaboración das preguntas, estimados polo Tribunal adecuados ao temario da oposición.

A continuación se reproduce a citada relación de manuais.

TEXTO UTILIZADO		
Libro rojo del bombero. Refuerzo para opositores. Cuestionario específico. Editorial El Libro Rojo, S.L. José Antonio Romero Rodríguez y Juan Guillermo Bascón Barrera. ISBN 978-84-945802-0-8.		
PREGUNTA DO EXAME	PÁXINA DO MANUAL	PREGUNTA DO MANUAL
1	223	56
4	105	187
17	276	49
21	390	134

28	372	138
33	368	76
36	179	12
37	275	30
38	283	140
41	107	208
42	107	213
46	385	60
48	369	95
49	369	88
R54	368	73
R55	183	48
R58	368	70

TEXTO UTILIZADO

Tutorial de bomberos. Test jurídicos.
 Editorial CEP, S.L. Edición octubre 2019.
 ISBN 978-84-18113-23-9

PREGUNTA DO EXAME	PÁXINA DO MANUAL	PREGUNTA DO MANUAL
2	13	15
8	244	21
40	308	11
47	30	85
R52	247	32

TEXTO UTILIZADO

Formación para ejecutar las operaciones necesarias para salvar vidas en peligro.
MF0401 Operaciones de salvamento. Libro 1º.
 Ediciones GPS. Edición de octubre de 2017. Coordinador Jesús Clavaín Bermúdez.
 ISBN: 978-84-9721-582-4.

PREGUNTA DO EXAME	PÁXINA DO MANUAL	PREGUNTA DO MANUAL
3	343	56

TEXTO UTILIZADO



Concello de Vigo

Formación para ejecutar las operaciones necesarias para el control y extinción de incendios. MF0402. Control y extinción de incendios. Libro 2º.

Ediciones GPS. Edición de octubre de 2017. Coordinador Jesús Clavaín Bermúdez.
ISBN: 978-84-9721-583-1.

PREGUNTA DO EXAME	PÁXINA DO MANUAL	PREGUNTA DO MANUAL
5	171	104
6	167	63
7	169	93
22	384	12
23	385	20
27	318	65
31	167	62
32	175	151
43	167	67
45	384	17
50	176	160

TEXTO UTILIZADO

Formación para actuar en sucesos descontrolados con amenaza para las personas o el medio ambiente. MF0403-Fenómenos naturales y antrópicos. Libro 3º.

Ediciones GPS. Edición de octubre de 2017. Coordinador Jesús Clavaín Bermúdez.
ISBN: 978-84-9721-581-7

PREGUNTA DO EXAME	PÁXINA DO MANUAL	PREGUNTA DO MANUAL
13	131	92
14	130	86
39	130	85

TEXTO UTILIZADO

Formación para ejecutar las operaciones necesarias para el control de emergencias con las ayudas técnicas adecuadas. MF0404-Operaciones de ayudas técnicas. Libro 4º.

Ediciones GPS. Edición octubre 2017. Coordinador Josús Clavaín Bermúdez.
ISBN: 978-84-9721-584-8

PREGUNTA DO EXAME	PÁXINA DO MANUAL	PREGUNTA DO MANUAL
16	331	8
R51	107	3
R53	111	44

TEXTO UTILIZADO

Formación para ejecutar las operaciones necesarias para la prevención de incendios y el mantenimiento de los medios, equipos y condición física. SEA534-Mantenimiento de los equipos, medios, móviles y herramientas usadas por los bomberos. Libro 5º.
Ediciones GPS. Edición octubre 2017. Coordinador Josús Clavaín Bermúdez.
ISBN: 978-84-9721-585-5

PREGUNTA DO EXAME	PÁXINA DO MANUAL	PREGUNTA DO MANUAL
10	130	91
11	129	82
15	231	21
19	131	105
24	277	26
R57	229	4

TEXTO UTILIZADO

CAR. Permisos C1-C.
Editor AUCO Servicios integrales S.L.
ISBN: 978-84-940505-3-4. Octava edición.

PREGUNTA DO EXAME	PÁXINA DO MANUAL	PREGUNTA DO MANUAL
9	226	16
18	225	1
26	226	11
34	246	14

TEXTO UTILIZADO

Transporte y mantenimiento de vehículos: Sistemas de transmisión y frenado.
Editorial Editex, S.A. Esteban José Domínguez Soriano y Julián Ferrer Ruiz.
ISBN: 978-84-9003-291-6.

PREGUNTA DO EXAME	PÁXINA DO MANUAL	PREGUNTA DO MANUAL
12	389	6
20	111	4
R59	351	6

TEXTO UTILIZADO

Transporte y mantenimiento de vehículos: Circuitos de fluidos. Suspensión y dirección.
Editorial EDITEX, S.A. Tomás González, Gonzalo del Rio, José Tena, Benjamín Torres.
ISBN: 978-84-9771-539-3.



Concello de Vigo

PREGUNTA DO EXAME	PÁXINA DO MANUAL	PREGUNTA DO MANUAL
25	233	6

TEXTO UTILIZADO		
Transporte y mantenimiento del vehículos: Motores. Editorial EDITEX, S.A. Santiago San Acebes. ISBN: 978-84-9771-583-6		
PREGUNTA DO EXAME	PÁXINA DO MANUAL	PREGUNTA DO MANUAL
29	365	7
35	19	4
R60	381	3

TEXTO UTILIZADO		
Mapa XIS de parroquias do programa de xestión de expedientes do Concello de Vigo.		
PREGUNTA DO EXAME	PÁXINA DO MANUAL	PREGUNTA DO MANUAL
30		

TEXTO UTILIZADO		
Mapa do rueiro do programa de xestión de expedientes do Concello de Vigo.		
PREGUNTA DO EXAME	PÁXINA DO MANUAL	PREGUNTA DO MANUAL
44		
R56		

En relación á posibilidade de expoñer as dúbidas ou cuestións do aspirante na revisión do exame a Base Décimo Sétima establece os mecanismos de impugnación dos que dispoñen todos os opositores:

“ Ademais, contra os acordos dos Órganos de Selección, os/as aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte a data da súa publicación na páxina web municipal e no Taboleiro de Editos.

.....

Contra a desestimación das reclamacións indicadas poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación”

Por tanto non se encontran entre os mecanismos de impugnación a posibilidade de expoñer as dúbidas ou as cuestións que se lle presenten ao aspirante nunha revisión do exame no que se trata de dilucidar se hai un erro na corrección.

En relación ás peticións concretas que o recorrente realiza as preguntas número 1,11,30,34 e 41 a continuación se realizan unhas breves observacións.

Pregunta número 1.- Solicita se lle indique en que temario, manual, lexislación etc... consta que un sobrecalentamento ou unha sobreintensidade non son consecuencias dun cortocircuíto.

Na Acta nº 4 de data 28 de xaneiro de 2021 no apartado confección do exercicio indícase que a pregunta número 1 se corresponde coa pregunta número 56 que figura na páxina 223 do Libro Rojo del Bombero. Refuerzo para opositores. Cuestionario específico. Editorial El Libro Rojo, S.L. José A.

Pregunta número 11.- Solicita se lle indique en que manual de cabestrantes aparece a cuestión e como está redactado.

Na Acta nº 4 de data 28 de xaneiro de 2021 no apartado confección do exercicio indícase que a pregunta número 11 se corresponde coa pregunta número 82 que figura na páxina 129 do libro Formación para executar las operaciones necesarias para la prevención de incendios y el mantenimiento de los medios, equipos y condición física. SEA534-Mantenimiento de los equipos, medios, móviles y herramientas usadas por los bomberos. Libro 5º. Ediciones GPS. Edición octubre 2017. Coordinador Josús Clavaín Bermúdez. ISBN: 978-84-9721-585-5.

Pregunta número 30.- O recurrente manifesta non entender o motivo da súa anulación, así mesmo engade que entra no temario, está clara e aclarada na web do Concello de Vigo.

O órgano de selección, na súa sesión do 12/02/2021 tras a exame das alegacións presentadas, acordou anular a pregunta nº 30 do cuestionario e a súa substitución pola pregunta de reserva núm. 51 consonte á seguinte motivación xurídica:

“A pregunta nº 30 do cuestionario formulouse nos seguintes termos:

30.- De las siguientes relaciones de topónimos indica en cual no se encuentra una parroquia de Vigo:

- a) Valadares, Beade y Candeán.
- b) Candeán, Navia y Alcabre.
- c) Teis, Bouzas y Saiáns.
- d) Zamáns, Matamá y Lavadores.

Acordo do Tribunal:

O Concello de Vigo na súa páxina web contén unha sección adicada ás parroquias onde mostra unha lista de 18 parroquias:

“As parroquias do municipio de Vigo son Alcabre, Beade, Bembibre, Cabral, Candeán, Castrelos, Comesaña, Coruxo, Lavadores, Matamá, Navia, Oia, Saiáns, Sárdoma, Teis, Valadares e Zamáns.”

Aclarando a continuación que Bouzas, Coia, Freixeiro, San Paio e San Xoan do Monte non son parroquias administrativas do municipio pero pola súa tradición histórica se destacan na sección.

Con independencia da cualificación de administrativa, que non se fixo constar na pregunta, o concello considera na súa páxina web as 22 parroquias mencionadas.

Considerando o enunciado da pregunta confuso ao non estar en coherencia coa información da páxina web do Concello de Vigo, o tribunal acorda anular a pregunta e facer uso da correspondente pregunta de reserva R51.



Concello de Vigo

O órgano de selección **ratifícase na motivación xurídica na que se fundamentou a anulación da pregunta número 30** do cuestionario e a súa substitución pola pregunta de reserva núm. 51.

Pregunta número 34: adxunta manual de freos de aire da marca Bendix e o recorrente sinala *“que nel se indica que os camións levan secadores de aire para que non se condense o vapor de auga, a ese produto que fai referencia a pregunta non se lle chama líquido anticonxelante posto que en argot de mecánica o líquido anticonxelante é o líquido do sistema de refrixeración e crea confusión, e aínda que aceptáramos chamalo así non se pode indicar a periodicidade da revisión posto que debido á gran variedade que hai de equipos, camións, sistemas etc.... na actualidade se fala sempre de seguir as indicacións do fabricante ou provedor para non crear dúbidas”*.

O Tribunal entende que as alegacións do aspirante non son pertinentes nin adecuadas ao obxecto da cuestión, xa que o que se está a preguntar é se o sistema neumático de freo require algún tipo de mantemento, e a esa pregunta hai que responderlle coa opción máis axeitada e completa, que neste suposto é a b).

O órgano de selección **ratifícase na desestimación á alegación formulada á pregunta nº 34**, xa que os motivos invocados polo aspirante non son pertinentes nin adecuados ao obxecto da pregunta.

Pregunta número 41: indica que a resposta a) non é correcta a vaporización local non existe o recorrente sinala *“ vaporización é cando pasa a vapor toda a masa líquida, cousa que non pasa na cavitación. A propia resposta do Tribunal á miña impugnación o indica”*

Pregunta nº 41

41.- No corresponde con el concepto de cavitación:

- a) Vaporización local del líquido, inducido por una reducción hidrodinámica de la presión.
- b) Fenómeno que se produce cuando la bomba aspira a una altura excesiva.
- c) El proceso se divide en dos partes, formación de burbujas e implosión de las burbujas formadas.
- d) **Todas corresponden al concepto de cavitación.**

O Tribunal entende que a vaporización local pode producirse nunha zona determinada da bomba en lugares coma nos álabes, nos conductos de inclusión, entre outros, causada polo efecto da cavitación.

O órgano de selección **ratifícase na desestimación á alegación á pregunta nº 41**, xa que entende a vaporización local no sentido explicado no párrafo anterior.

Cuarto.- En consecuencia co anterior, o órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas para a provisión de catro prazas de condutor/a bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019 (BOE nº 247.16.09.2020) na súa reunión celebrada o día 01/06/2021 acordou por unanimidade remitir á Xunta de Goberno Local o anterior informe-proposta, co seu correspondente acordo, para o seu coñecemento e resolución.

Quinto.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alzada interposto contra o acordo do órgano de selección na sesión celebrada o día 12 de febreiro de 2021 polo que se desestimaban a reclamación polos motivos que constaban na acta correspondente, e que se lle notificaron individualmente ao recorrente coa posta a súa disposición en data 19/02/2021 na web municipal e que se recibiu o 20/02/2021.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

"ÚNICO: Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Pablo Martínez Lemos o día 14 de marzo de 2021 contra o acordo do órgano de selección acadado na sesión celebrada o día 12 de febreiro de 2021 polo que se desestimaban a reclamación ás preguntas número 1,11,30,34 e 41 do primeiro exercicio das probas selectivas para a provisión de catro prazas de condutor/a bombeiro/a en quenda libre, incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019 (BOE nº 247.16.09.2020) polas razóns xurídicas expostas.-"

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(500).- PROXECTO DE ORDENANZA DE ADMÓN. ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 152/1102.

Dáse conta do informe-proposta do 04/06/21, asinado pola secretaria do Goberno local e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes

A administración municipal atópase no punto culme de transición electrónica. A entrada en vigor das disposicións normativas en materia de procedemento administrativo e dereitos e deberes electrónicos, obrigan a estas entidades á unha evolución que de non realizarse de forma correcta e acorde, pode xerar resultados traumáticos. Esta evolución non ben imposta por capricho, senón que responde aos cambios e demandas dunha sociedade que cada vez se transforma mais rápido e que a declaración da Alerta Sanitaria e do Estado de Alarma no ano 2020 non fixo mais que acelerar, como o amosa a posta en marcha polo goberno da axenda "España Digital 2025".

Os entes públicos deben asumir esta responsabilidade para e coa sociedade e reaccionar de forma áxil e eficiente aos novos sistemas e situacións que se presentan. Esta resposta debe ser regulada e apoiada en textos legais que aseguren os principios constitucionais de seguridade xurídica e publicidade das normas. Por isto, o Concello de Vigo promove a aprobación dunha nova ordenanza sobre o procedemento administrativo electrónico.



Concello de Vigo

Normativa

- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Real Decreto-ley 28/2020, de 22 de setembro, de traballo a distancia \(Disposición Final Novena\).](#)
- [Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno \(LG\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se apr o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos \(RAFME\)](#)
- [Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais \(ROF\)](#)
- [Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local \(LRSAL\)](#)
- [Carta europea de autonomía local, en Estrasburgo o 15.10.1985 \(CEAL\)](#)
- [Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica \(ENI\)](#)
- [Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica \(ENS\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)
- [Documento de Política de Xestión Documental do Concello de Vigo do 12.05.2017 \(DPXD\)](#)
Artigo 28. Dispositivo electrónico e/ou a dirección de correo electrónico de aviso para a notificación.

1. A persoa interesada ou a persoa que actúe na súa representación poderá designar un dispositivo electrónico e/ou unha dirección de correo electrónico, para recibir avisos relativos á práctica de notificacións, con independencia da forma de practicalas. O concello determinará os dispositivos electrónicos que admite como válidos para facer efectivo o aviso regulado no presente artigo, publicando dita información, con carácter xeral, na Sede Electrónica.

2. Para isto, a persoa interesada ou quen actúe na súa representación deberá identificarse, mediante o sistema admitido para os efectos polo concello, e cumprimentar os datos correspondentes.

3. A persoa interesada ou a persoa que actúe na súa representación será a única responsable de manter a dita información actualizada. No caso de que deixen de estar operativos ou perda a posibilidade de acceso, o interesado está obrigado a comunicar á Administración que non se realice o aviso en tales medios. O incumprimento desta obrigaición por parte do interesado non conlevará responsabilidade algunha para a Administración polos avisos efectuados aos devanditos medios non operativos.

Artigo 29. Expedición e práctica electrónica da notificación.

1. Admítense como formas válidas de notificación electrónica:

- a) A notificación por comparecencia en Sede Electrónica do Concello de Vigo
- b) E/ou mediante dirección electrónica habilitada única. Neste caso na sede indícarase a tal dirección.

2. A notificación porase, en todo caso, a disposición da persoa interesada ou do seu representante na Sede Electrónica do concello, debendo remitirse aviso ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que, no seu caso, teña sido designado pola persoa interesada ou o seu representante de xeito que a comparecencia voluntaria na sede electrónica e posterior acceso ao contido da notificación ou o rexeitamento expreso deste terá plenos efectos jurídicos.

A falta de práctica do aviso de posta a disposición da notificación, de carácter meramente informativo, non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de que o Concello leve a cabo a posta ao dispor das notificacións por sede electrónica e dirección habilitada única, para o cómputo de prazos e o resto de efectos xurídicos tomarase a data e

hora de acceso ao contido ou o rexeitamento da notificación polo interesado ou o seu representante no sistema no que ocorrese en primeiro lugar. P

3. As persoas físicas non obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos poderán exercer o seu dereito para relacionarse electronicamente coa Administración Pública de que se trate ao comezo do procedemento e, para ese efecto, comunicaranlo ao órgano competente para a tramitación do mesmo de forma que este poida ter constancia da devandita decisión. A vontade de relacionarse electronicamente ou, no seu caso, de deixar de facelo cando xa se optou anteriormente por iso, poderá realizarse nunha fase posterior do procedemento, aínda que deberá comunicarse ao devandito órgano.

Esta modificación comezará a producir efectos respecto das comunicacións que se produzan a partir do día quinto día hábil seguinte a aquel no que o órgano competente teña constancia do mesmo no de forma que quede constancia da mesma sinalando un enderezo onde practicar as sucesivas notificacións.

Así mesmo as persoas físicas non obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos poderán prestar consentimento para a adhesión ao sistema de notificacións electrónicas do Concello de Vigo en modelo normalizado que se establezan ao efecto nos que se advertirá dos seus efectos xurídicos e terá carácter xeral para todos os trámites e procedementos que os relacionen coa administración municipal.

4.- Nos supostos de sucesión de persoas físicas ou xurídicas, inter vivos ou mortis causa, a persoa ou entidade que sucede ao interesado e coñeza da existencia do procedemento deberá comunicar ao órgano competente da tramitación do expediente no prazo de quince días dita sucesión no prazo de quince días hábiles dende a efectividade da sucesión o dende a inscrición da defunción no Rexistro Civil nos cas de falecemento de persoa física. /Se a persoa ou entidade sucesora efectúa a comunicación despois de devandito prazo, os defectos na práctica de notificacións que se deriven deste incumprimento, que acaecesen con anterioridade á devandita comunicación, seranlle imputables ao interesado dándose por cumprida pola Administración, para todos os efectos, a obrigaçión de posta ao dispor da notificación electrónica na sede electrónica ou sede electrónica asociada, a través da Dirección Electrónica Habilitada única ou ambas, segundo proceda, á persoa xurídica ou persoa física cuxa sucesión o interesado non fixo valer.

5. Para que a comparecencia electrónica permita a práctica da notificación, o sistema empregado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Deberá quedar acreditación da identificación da persoa que accede á notificación, nos termos previstos nesta ordenanza.
- b) Deberá informarse de xeito claramente identificable de que o acceso da persoa interesada ao contido terá o carácter de notificación para os efectos legais oportunos. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso o seu contido, e rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda o seu contido, **dándose por efectuado o trámite.**
- c) **Deberá quedar constancia do acceso da persoa interesada** ou da persoa que actúe na súa representación ao contido da notificación, con indicación da data e hora na que se produce, poñéndose a disposición do interesado un acuse de recibo que xustificará o acceso á notificación.

6. “ Cando o interesado sexa un suxeito obrigado a relacionarse por medios electrónicos e a Administración emisora da notificación non dispoña de datos de contacto electrónicos para practicar o aviso da súa posta a disposición, nos procedementos iniciados de oficio a primeira notificación que efectúe a administración municipal realizarase en papel, advertindo ao intere -



Concello de Vigo

sado nesa primeira notificación que as sucesivas practicaranse de xeito electrónico por compa - recencia na sede electrónica e/ou dirección electrónica habilitada, dándolle a coñecer que pode identificar un dispositivo electrónico, unha dirección de correo electrónico ou ambos para o avi - so da posta a disposición das notificacións electrónicas posteriores”.

Artigo 30. Práctica da notificación en soporte papel.

1. O Concello de Vigo notificará en soporte papel nos casos previstos na lexislación de procedemento administrativo común. Para iso poderá empregar os mecanismos establecidos na lexislación de servi - zos postais, realizar a entrega mediante empregado público ao seu servizo ou por comparecencia da persoa interesada ou do seu representante nas dependencias do concello ou en calquera outro lugar habilitado para o efecto.
2. Neste caso, deberase proceder á creación automatizada dunha copia auténtica en papel da notifi - cación posta á disposición na Sede Electrónica, para o que empregará o código seguro de verifica - ción do órgano que notifica, ou o xeral do concello.
3. A notificación mediante servizo postal realizarase conforme establece a normativa vixente en cada momento.
4. Da notificación en papel mediante comparecencia persoal ou entrega por empregado público de - berá xerarse unha constancia que dea fe, inclusive en soporte electrónico, da recepción da notifica - ción por parte da persoa interesada ou do seu representante, que será dixitalizada para a súa achega ao expediente en forma de copia electrónica auténtica.
5. Todas as notificacións que se practiquen en papel deberán ser postas a disposición da persoa inte - resada na Sede Electrónica do concello, para que poida acceder e facer efectiva a notificación de for - ma electrónica de xeito voluntario, e sen que isto signifique o cambio do medio preferente de notifica - cións futuras.

Artigo 31. Publicación de anuncios de notificación infrutuosa.

Cando non teña sido posible practicar a notificación nos termos establecidos no artigo anterior, a noti - ficación farase mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Para estes efectos, poderanse publicar no taboleiro de edictos municipal anuncios individuais ou de comparecencia para ser notificados en forma agregada.

Artigo 32. O Arquivo Electrónico do Concello de Vigo

1. O Concello de Vigo creará e manterá o Arquivo Electrónico do Concello de Vigo para a cus - todia dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos finalizados e facilitar a súa consulta con independencia do tempo transcorrido dende a súa emisión. Este arquivo ope - rará conforme coa política de xestión documental aprobada polo Concello de Vigo e a legisla - ción vixente.
 2. Neste arquivo electrónico único conservaranse os documentos en formatos que permitan ga - rantir a súa autenticidade, integridade e conservación, coa posibilidade de trasladar eses datos a outros formatos ou soportes para o acceso dende diferentes aplicacións.
- Deberá contar con medidas de seguridade, especialmente a identificación de usuarios e o con - trol de accesos, que garantan a autenticidade, confidencialidade, calidade, protección e conser - vación. Aterase especialmente ao cumprimento da lexislación en materia de prevención de da - tos persoais.

3. Os expedientes e fondos custodiados no Arquivo Xeral vixente serán dixitalizados na medida do posible e seguindo as normas técnicas de aplicación, así como os criterios técnicos de selección. Garantirase a compatibilidade co Arquivo Electrónico do Concello de Vigo.

4. O acceso da cidadanía ao Arquivo Electrónico do Concello de Vigo aterase á lexislación vixente en materia de arquivos, transparencia e normativa local de desenvolvemento, así como as ordenanzas fiscais que impoñan oportunas exaccións.

Título V. Transparencia e Acceso á Información Pública a través de medios electrónicos

Artigo 33. A publicidade activa

1. O Portal de Transparencia é a dirección electrónica a través da cal o Concello de Vigo aglutina as súas publicacións en materia de publicidade activa. Será accesible a través do enderezo <https://transparencia.vigo.org> e do portal web municipal: vigo.org.

2. A información incluída no Portal de Transparencia será veraz, actual, de calidade, accesible, non discriminatoria, clara, sinxela, concisa e suxeita aos límites legais na ponderación de intereses. Os documentos facilitados deberán ser reutilizables e en formatos abertos, na medida que os medios técnicos así o possibiliten.

3. Estas publicacións transcenderán o mínimo esixido pola normativa e ampliaranse no posible, potenciando a transparencia, a rendición de contas, o exercicio dos dereitos e a participación cidadá.

Na medida que a técnica o posibilite automatizaranse estes procesos de difusión da información.

4. Para aquelas persoas con dificultades no acceso ou falta de coñecementos no emprego de medios electrónicos, se lles poderá procurar medios ou formas de difusión alternativos.

Artigo 34. O acceso á información pública

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder aos contidos e documentos, calquera que sexa o formato ou soporte, que obren en poder do Concello de Vigo e entidades suxeitas a esta ordenanza, elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións.

O exercicio deste dereito será con carácter xeral favorable, salvo que conorra algún límite ou causa de inadmisión previstos legalmente, sempre baixo resolución motivada e individualizada.

2. O procedemento para a tramitación das solicitudes de acceso á información pública desenvolveranse de acordo co previsto na lexislación de aplicación.

3. O acceso á información efectuarase, preferentemente por vía electrónica, agás cando non sexa posible ou a persoa solicitante non resulte obrigada a relacionarse por medios electrónicos e sinale expresamente outro medio. O Concello de Vigo poderá habilitar unha canle de asistencia no acceso á información.

4. As formas e medios de impugnación das resolucións das solicitudes de acceso á información ateranse á lexislación vixente, o que será obxecto de publicidade no Portal de Transparencia.

5. En todo caso deberá garantirse a protección dos datos persoais presentes na información e documentos aos que se facilita acceso, coa adopción de todas e cantas medidas legais e técnicas sexan precisas a este propósito, tales como a disociación, o acceso parcial ou en caso extremo a denegación de acceso, previa ponderación de intereses.



Concello de Vigo

Artigo 35. O Portal de Datos Abertos

O Portal de Datos Abertos do Concello de Vigo é unha dirección electrónica onde publicará e manterá actualizado o catálogo de datos que pon a disposición da cidadanía para a súa reutilización.

A publicación activa de información reutilizable incluíra o seu contido, natureza, estrutura, formato, frecuencia de actualización, modalidade de reutilización, condicións de aplicación e no seu caso, a tarifa ou exacción á que estea suxeita a reutilización, se así se prescribe mediante ordenanza fiscal.

O Concello de Vigo facilitará os seus documentos en formato electrónico, na lingua na que foran creados e sempre que sexa posible e apropiado, lexible por máquina, conxuntamente cos seus metadatos. A través deste portal permitirase á cidadanía formular propostas para a publicación de novos conxuntos de datos abertos, relativos a servizos do concello.

Artigo 36. A reutilización da información

1. O Concello de Vigo clasificará a reutilización de toda a información que obra no seu poder e que sexa publicada de acordo con algunha das modalidades previstas na normativa de reutilización, establecendo condicións incorporadas nas licenzas mediante acordo adoptado polo órgano competente.

2. Empregarase o menor número posible de modos de uso limitados e serán preferibles aqueles de uso libre e gratuíto globalmente aceptados, sen prexuízo da posibilidade de modos de uso limitados de elaboración propia. Estarán sempre dispoñibles en formato dixital, aberto e procesable electronicamente, con atención ao disposto nas políticas de xestión documental e condicións de reutilización deste concello.

3. A posta a disposición dun documento para a súa posterior reutilización non supón renuncia ao dereito á súa explotación, nin será impedimento para a modificación dos datos que no mesmo consten, como consecuencia do exercicio de funcións ou competencias municipais. O Concello de Vigo non garante a continuidade na posta a disposición dos documentos reutilizables, nin en contido nin en forma, nin asume responsabilidade algunha por calquera erro ou omisión contido neles.

4. Quen reutilice a información non poderá, agás acordo previo, proclamar que o Concello de Vigo, como titular da información, participa, patrocina ou apoia a reutilización. Tamén asumirá en exclusiva a responsabilidade e risco derivados do seu uso, incluso fronte a terceiros por danos derivados.

Disposicións Transitorias

Primeira. Adaptación organizativa e funcional no Concello de Vigo e as súas entidades e organismos vinculados dependentes

O Concello de Vigo e as súas entidades e organismos vinculados dependentes disporán dun período transitorio correspondente co fixado na Disposición Final Sétima da Lei 39/2015, para desenvolver as medidas tendentes a adaptar a súa organización e funcionamento á tramitación dos procedementos por medios electrónicos, de acordo cos principios de economía, eficacia e eficiencia.

Segunda. Políticas de sinatura electrónica

O Concello de Vigo aplicará a política de sinatura electrónica da administración xeral do Estado, acolléndose á política marco baseada en certificados, en tanto non se aprobe polo órgano competente a política de sinatura dixital propia.

Mediante acordo do órgano competente poderanse establecer políticas de sinatura electrónica alternativas para procedementos administrativos de características particulares.

Terceira. Uso de certificados de sinatura electrónica de persoa xurídica e entidade sen personalidade xurídica

As persoas interesadas poderán continuar empregando os certificados de sinatura electrónica de persoa xurídica e de entidade sen personalidade xurídica, expedidos de acordo co establecido na Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica, ata o fin da súa vixencia.

Disposición Adicional

No caso de que como consecuencia de incidencias técnicas se teña imposibilitado o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda, o Concello de Vigo, adoptará no seu caso, previa consulta cos seus servizos técnicos, as medidas oportunas e proporcionadas para garantir a correcta tramitación do respectivo procedemento e os dereitos das persoas interesadas no mesmo.

Disposición Final Única. Entrada en vigor

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia (ou diario oficial que corresponda) e transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

21(501).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI”. EXPTE. 4921/443.

Visto o informe de fiscalización do 03/06/21, dáse conta do informe-proposta de data 02/06/21, asinado pola técnica xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 23.09.2020 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto da humanización da Rúa de Aragón, Fase VI a prol da empresa AQUATICA INGENIERÍA CIVIL S.L.

II.- A empresa AQUATICA INGENIERÍA CIVIL S.L. presentou borrador de proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI”, para a fase de supervisión, redactado polo Arquitecto D. José Ignacio Buján Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS SETENTA MIL EUROS (570.000,00 €).

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 15.01.2021 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control



Concello de Vigo

Orzamentario da Área de Fomento, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na rúa na rúa Aragón e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

- Nova pavimentación xeral de beirarrúas, vaos e calzada.
- Substitución da actual rede de saneamento e nova de rede de recollida de augas pluviais.
- Substitución da actual rede de abastecemento.
- Melloras na rede de Iluminación.
- Modificacións da rede semaforica.
- Plantacións e arboredo.
- Instalación de rede de rego por goteo.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS (6) MESES.

VI.- A Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 01.06.2021 emite informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“As obras propostas no aspecto urbanístico están axeitadas as ordenanzas e tratase de obras de mantemento e renovación de viais existentes, non xerando ningún tipo de ocupación nin ampliación do mesmo, polo que se considera que as mesmas, tanto dende o aspecto da lexislación urbanística actual, e lexislación sectorial, son obras específicas tendentes a súa conservación e mantemento.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI", redactado polo Arquitecto D. José Ignacio Buján Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS SETENTA MIL EUROS (570.000,00€) e sinatura dixital de data 1 de xuño de 2021.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(502).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO "REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DE GRAN VÍA (ENTRE AS RÚAS VENEZUELA E NICARAGUA). FASE II. EXPTE. 4989/443.

Visto o informe de fiscalización do 07/06/21, dáse conta do informe-proposta de data 04/06/21, asinado pola técnica xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 19.01.2021 resolveu autorizar o gasto para redacción da actualización do proxecto de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía entre as rúas Venezuela e Nicaragua, a favor da empresa ICEACSA Consultores S.L.U.

II.- A empresa ICEACSA Consultores S.L.U. presentou borrador de proxecto de "REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO ENTORNO URBANO DA RÚA GRAN VÍA, ENTRES AS RÚAS VENEZUELA E NICARAGUA FASE II", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Roberto Núñez De Arenas Basteiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATRO MILLÓNS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.234.891,89 EUROS).

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 24.03.2021 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na rúa Gran Vía tramos entre as rúas Venezuela e Nicaragua e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir:

- Procederáse a retirada do mobiliario, luminarias, arbores en mal estado, así como demais elementos existentes na rúa, para proceder a demolición de beirarrúas, así como a retirada dos bordos existentes, e posterior demolición dos pavimentos existentes.
- Unha vez efectuadas as demolicións procederáse a efectuar a escavación de gabias para a renovación das redes de abastecemento en ambos marxees, a base de tubaxe de fundición dúctil Ø 150 m, asentado sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, tramos de conexión coas edificacións existente e, o tendido da rede de rego coa súa correspondente tubaxe, arquetas e elementos electrónicos regulación. Tamén se contempla a renovación dos colectores secundarios e acometidas de saneamento cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto. Nova rede saneamento de pluviais, cos seus correspondentes sumidoiros pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coas redes existentes. Proposta de canalizacións para alumado público, semaforización e demais servizos soterrados. A continuación procederáse ao recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grado de compactación do 95%., para efectuar as canalizacións de redes soterrados de alumado público e semaforización, segundo os esquemas do proxecto, así como a comprobación de estado do resto de redes existentes na rúa.
- Se propón a creación dun novo centro de transformador de servizo a zona a base de previa escavación, posterior elemento prefabricado de contedor e os correspondentes elementos e instalacións de funcionamento segundo se detalla nos planos correspondentes, así como a súa correspondente rede de distribución de enerxía.

- Escavación para a formación de gabias para a ubicación das ramplas mecánicas, así como de zapatas perimetrais, formación de caixa a base de soleira, muros de formigón armado na configuración do encaixado das ramplas mecánicas, así como nas zapatas para apoio piares de sustentación da cuberta. Formación de pórticos a base de perfilería metálica segundo esquemas de planos, co seu correspondente acabado a base de vidro laminados na configuración externa tanto vertical como horizontal.
- Colocación de dúas ramplas mecánicas., composto de bastidor de perfilería e zocalo de aceiro, balaustrada de cristal e aluminio e pasamáns termoplastuci, con sistema de aforro enerxético, cos seus elementos mecánicos y /o eléctricos de funcionamento, asentada sobre base de formigón, e para unha capacidade de transporte de 7.300 pers/hora,
- Unha vez compactado o terreo procederáse a colocación de encachado, con posterior base de pavimento de formigón en masa HM-25 de 15 cm., de espesor, con acabado de lousa de formigón prefabricado de un espesor de 12 cmt., propondo a súa vez en espazos definidos nos planos dun pavimento xerador de enerxía mediante módulos de baldosas definidas no proxecto, adoquín de granito en ramplas de acceso e mezcla bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodaxe cun espesor de 6 cm, en zona de rodaxe, proxectando na zona de pasos de peóns o pulido da superficie, separadas as distintas zonas a base bordos de granito asentados sobre base de formigón.
- En canto a dotación ecolóxica, estética e paisaxística, previo análises da masa arbórea existente, no proxecto plantexa a recomendación da tala, ou transplante, así como un estudo completo e tratamento do solo, para a dotación de especies arbóreas propostas a nivel de integración dentro do elemento e conxunto a transformar. Así como a dotación de mobiliario urbano, nova sinalización, rede semafórica, iluminación de conxunto, e dotación de innovación tecnolóxica.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (OITO) 8 meses.

V.- O Xefe da da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 03.06.2021 emite informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca unha zona de solo urbano consolidado, tratase de efectuar obras de remodelación e integración de espazos urbanos, que non xenan novos usos, nin tampouco altera as condicións urbanísticas de entorno. A actual proposta non afecta a ningún elemento protexido nin a súa delimitación. Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento



Concello de Vigo

xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO ENTORNO URBANO DA RÚA GRAN VÍA, ENTRE AS RÚAS VENEZUELA E NICARAGUA FASE II”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Roberto Núñez De Arenas Basteiro cun orzamento base de licitación máis IVE de CATRO MILLÓNS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.234.891,89 €) e con sinatura dixital de data 01/06/2021.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO SERVIZO DE RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS VEXETAIS. Expte. 48643/443.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

23(503).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO SERVIZO DE RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS VEXETAIS. Expte. 48643/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 04/06/21 e o informe de fiscalización do 07/06/21, dáse conta do informe-proposta de data 21/05/21 asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 23 de outubro de 2020, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en data 26 de outubro de 2020, co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto



Concello de Vigo

simplificado para a contratación do servizo de *Retirada e xestión de residuos vexetais* (exp- te. 48643/446).

2.- En data 2 de marzo de 2021, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais, e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en data 2 de marzo de 2021, a memoria económica (MEC).

3.- En data 4 de marzo de 2021, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite documento económico de retención de crédito, RC 202100013435, por importe de 15.000,00€ e RCFUT1 202100013436, por importe de 20.000,00€.

4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 9 de marzo de 2021, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais.

5.- A memoria xustificativa (MEX), de data 13 de maio de 2021, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, da mesma data.

6.- En data 19 de maio de 2021, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación, con data 19 de maio de 2021.

8.- O presente contrato non está incluído no plan anual de contratación, pero atópase contemplado no orzamento vixente, constando no expediente de contratación o seu documento contable correspondente (RC nº 202100013435).

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en resolución de 26 de outubro de 2020, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP trátase dun contrato de servizos e, en concreto, de servizo en función das necesidades da Administración con orzamento máximo (Disposición adicional 33ª da LCSP).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado, e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 40.909,09€.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.



Concello de Vigo

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de *Retirada e xestión de residuos vexetais*, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 9 de marzo de 2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 19 de maio de 2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **35.000,00€**, que inclúe un IVE de 3.181,82€, o cal se imputará á partida 1710.210000 “Mantemento Parques, Xardíns, Alamedas e Parques Forestais”, distribuído en tres anualidades.

ANUALIDADE	IMPORTE
2021	15.000,00€
2022	10.000,00€
2023	10.000,00€

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(504).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE (RA 09/06/2021)
M^a Carmen Silva Rego.